

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2.^a,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

26 ABR. 2017

Núm. 2458

A Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 2 de maio de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. **Elaboración do ditame, á vista do Informe da Ponencia, sobre a Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.**
Publicación do Informe de Ponencia, BOPG n.º 102, do 21.04.2017.

Punto 2. Preguntas

2.1 4090 (10/POC-000702)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Amigo Díaz, María Encarnación e Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís
Sobre as actuacións específicas que prevé a Xunta de Galicia na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá para potenciar os seus recursos naturais, impulsar a súa economía e emprego e conservar e protexer a súa biodiversidade e os seus valores ambientais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017

2.2 5664 (10/POC-000984)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación coa situación do xabaril na comarca do Baixo Miño e os danos que está a ocasionar, as medidas preventivas postas en marcha e previstas ao respecto, así como a indemnización polos danos causados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

2.3 5874 (10/POC-001027)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 3 máis
Sobre o coñecemento polo Goberno galego das concentracións de gas radón existentes en Galicia, as súas previsións respecto da recuperación da

exixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción e a súa inclusión nas Normas de habitabilidade de Galicia, así como o fomento de axudas á rehabilitación co fin de favorecer a redución desas concentracións nas vivendas ou edificacións públicas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 80, do 09.03.2017

- 2.4 6895 (10/POC-001193)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e 2 máis
Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción dos proxectos para a mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade autonómica OU-101 e OU-105, así como a data prevista para o inicio das obras
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 93, do 30.03.2017
- 2.5 7098 (10/POC-001230)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis
Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia respecto das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no parque empresarial de Bértoa, no concello de Carballo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017
- 2.6 7174 (10/POC-001249)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis
Sobre as razóns da inclusión no proxecto de renovación da avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, da corta das árbores centenarias existentes nas marxes da rúa e a opinión do Goberno galego respecto da súa conservación
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017
- 2.7 7225 (10/POC-001257)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre as supostas irregularidades existentes no convenio asinado no ano 2014 para a remodelación da praza de abastos de Cambados
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017
- 2.8 7445 (10/POC-001296)
Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón
Sobre as condicións laborais dos traballadores do transporte por estrada de
Sogama
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2017

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Jaime Castiñeira Broz na data 26/05/2017 13:22:00

RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 2.^a, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS**

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Raúl Fernández Fernández	S
Martín Fernández Prado	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Elaboración do ditame á vista do Informe da Ponencia sobre a
Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos
Deputados, orgánica de transferencia da titularidade e das
competencias da AP-9 á Comunidade Autónoma de Galicia.

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais en Comisión

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4090(10/POC-000702)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e Varela Suanzes-Carpegna,
Daniel Luís

Sobre as actuacións específicas que prevé a Xunta de Galicia na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses, e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá para potenciar os seus recursos naturais, impulsar a súa economía e emprego e conservar e protexer a súa biodiversidade e os seus valores ambientais

Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/01/2017 17:10
Nº Rexistro: 4090
Data envío: 25/01/2017 17:10:30.040

Á Mesa do Parlamento

Encarnación Amigo Díaz e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputado e deputada do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ao abeiro do artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para a súa resposta na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia presentou recentemente o Primeiro Plan de Promoción e Posta en Valor do Patrimonio Natural de Galicia cun orzamento de 4 millóns de euros e 29 actuacións específicas ata o ano 2020. No devandito Plan contemplanse 16 lugares designados como espazos “iman”, entre os que se encontran as seis Reservas da Biosfera e entre elas a dos Ancares lucenses e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá.

Tendo en conta o enorme potencial económico (agrícola, gandeiro, forestal, turístico e ambiental) deste último e que o seu impulso económico xerador de empregos e riqueza na zona non debe estar reñido coa súa conservación e protección ambiental é polo que se presenta a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que actuacións específicas prevé a Xunta de Galicia na Reserva da Biosfera dos Ancares lucenses, e Montes de Navia, Cervantes e Becerreá para potenciar os seus recursos naturais, impulsar a súa economía e emprego e conservar e protexer a súa biodiversidade e os seus valores ambientais?

Santiago de Compostela a 25 de xaneiro de 2017

Asinado dixitalmente por:

María Encarnación Amigo Díaz na data 25/01/2017 17:06:37

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 25/01/2017 17:06:54

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 5664(10/POC-000984)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a avaliación da Xunta de Galicia en relación coa situación do xabaril na comarca do Baixo Miño e os danos que está a ocasionar, as medidas preventivas postas en marcha e previstas ao respecto, así como a indemnización polos danos causados

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 11:53
Nº Rexistro: 5664
Data envío: 24/02/2017 11:53:29.841

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás medidas que é preciso adoptar diante do aumento da poboación de xabarís na comarca do Baixo Miño.

Dende o BNG queremos facernos eco das continuas queixas que os veciños e veciñas da comarca do Baixo Miño, en especial do concello da Guarda, teñen trasladado tanto aos concellos como á Xunta da Galiza pola acción do xabarlil na zona dende vai tempo.

Xa ven de anos atrás o incomodo por parte da veciñanza ao entender que o importante incremento da poboación de xabarís, ven dado pola falta de medios e interese que as distintas institucións amosan en controlar a súa área de acción e hábitos. Este desleixo tradúcese en colleitas devastadas, accidentes de tráfico, instalacións deportivas inutilizadas, etc.

A invasión deste animal é tal, que acotío poden ser vistos en zonas urbanas remexendo entre o lixo, cruzándose no camiño con persoas e incluso entrando nas propiedades.

É preciso tomar medidas para que todas aquelas fincas, que ata vai pouco tempo estaban sendo traballadas, retomen o seu aspecto inicial. Unhas terras que foron ou están sendo abandonadas froito da sensación de impotencia e indefensión de seus



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 11:53
Nº Rexistro: 5664
Data envío: 24/02/2017 11:53:29.841

propietarios ante a acción do xabaril e a pasividade das institucións, medidas que tamén eviten accidentes de tráfico e outro tipo de danos derivados das incursións urbanas destes animais.

Polas razóns expostas, fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Que avaliación fai a Xunta da situación do xabaril na comarca do Baixo Miño, e no concello da Guarda?

-Ten realizado a Xunta algunha avaliación dos danos ocasionados polo xabaril nesta comarca?

-De ser así, cal é a conclusión de dita avaliación?

-Existen datos acerca do censo de xabarís na comarca?

-Ten levado a cabo algunha medida preventiva?

-Que actuacións ten previsto realizar para previr os danos do xabaril?

-Ten previsto indemnizar polos danos causados?

Santiago de Compostela, 24 de febreiro de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/02/2017 11:53
Nº Rexistro: 5664
Data envío: 24/02/2017 11:53:29.841

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Belén Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 24/02/2017 11:51:44

Noa Presas Bergantiños na data 24/02/2017 11:51:51

Ana Pontón Mondelo na data 24/02/2017 11:51:56

Olalla Rodil Fernández na data 24/02/2017 11:52:01

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/02/2017 11:52:04

Xosé Luis Bará Torres na data 24/02/2017 11:52:06

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017

Hora: 10:30

Orde do día

2.3 5874(10/POC-001027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 3 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das concentracións de gas radón existentes en Galicia, as súas previsións respecto da recuperación da exixencia de forxados sanitarios ventilados nas vivendas de nova construción e a súa inclusión nas Normas de habitabilidade de Galicia, así como o fomento de axudas á rehabilitación co fin de favorecer a redución desas concentracións nas vivendas ou edificacións públicas

Publicación da iniciativa, 80, 09.03.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:55
Nº Rexistro: 5874
Data envío: 01/03/2017 13:55:13.497



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López, Patricia Vilán Lorenzo, Julio Torrado Quintela e Raúl Fernández Fernández, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Atendendo as advertencias de entidades como a Organización Mundial da Saúde, IRPA (International Radiation Protection Association) ou a propia Comunidade Europea na súa directiva do 21 de febreiro de 1990 (EURATOM, 1990), a inhalación de gas radón constitúe un risco para a saúde ao aumentar o risco de contraer cancro pulmonar, situándose como segunda causa de contracción desta enfermidade detrás do tabaco.

Estas últimas décadas recolléronse, na normativa de salubridade de distintos países, as sucesivas recomendacións emanadas de investigacións sobre os efectos na saúde que supón respirar en espazos pechados con presenza de gas radón.

Nese senso, o sector da edificación debe formular sistemas de protección que garantan que, a inmisión do gas ao interior dos espazos habitados, non supere os límites de concentración recomendados.

O Instituto de Ciencias da Construción Eduardo Torroja, a instancias do Consello de Seguridade Nuclear, desenrolou investigacións para sentar as bases normativas destinadas a protexer ás persoas usuarias de edificios de concentracións excesivas de gas radón.

O denominador común destas normativas é a asignación de niveis límite de concentración de radón (Comisión de Comunidades Europeas, EURATOM, 1990) $< 200 \text{ Bq/m}^3$ para vivendas de nova construción e $< 400 \text{ Bq/m}^3$ para vivendas construídas, así como a intervención con solucións construtivas que reduzan ditas concentracións por debaixo dos límites seguros. En xeral contemplan ámbitos de aplicación ben relacionados coas condicións que deben cumprir os espazos destinados a postos de traballo ou

ben espazos residenciais. En particular, no referente a espazos residenciais, as condicións de salubridade na edificación para España, están recollidas no Código Técnico da Edificación (CTE) derivado da Lei de Ordenación da Edificación (LOE). Na actualidade, esta normativa **non contempla** a protección dos usuarios dos edificios fronte ao risco de habitar con excesiva concentración de gas radón en espazos cerrados.

Durante a fase de redacción do Código, o Consello de Seguridade Nuclear de España (CSN), presentou unha proposta de inclusión dun capítulo que incluíse **medidas de protección fronte a entrada de radón en edificios de nova construción**, baseada nos límites de concentración de radón aceptables propostos pola Comisión Europea.

Nesta primeira versión do Código xa aprobada, o ministerio non creu oportuno incluír aspectos relativos a protección fronte ao gas radón. Un dos argumentos para non facelo foi o de evitar unha percepción de risco na sociedade naquelas vivendas que xa estaban construídas e para as que non se tiñan datos no momento de aprobación do código de medidas correctoras probadas. Por este motivo creuse oportuna a presentación dun proxecto de investigación que se realizou baixo o amparo e subvención do Consello de Seguridade Nuclear.

No 2011 se constatou a tal fin no "**Estudio da viabilidade e a efectividade das accións de remedio fronte á presenza de gas radón nos edificios existentes**", e mediante diversas experiencias cun módulo experimental, a idoneidade de diferentes medidas de prevención, no caso de construcións novas e de redución de emisións no caso das xa construídas.

Nas medidas baralladas de mellora do comportamento das edificacións respecto ó gas radón se contempla:

- O emprego de forxados sanitarios ventilados, de xeito natural ou preferiblemente forzado.
- A introdución de barreiras ou láminas impermeables que se interpoñan ao paso do gas.

Publicáronse polo tanto unhas conclusións que falan da efectividade das solucións e da redución e control das emisións de radón case na súa totalidade.

En Galicia, **unhas 42 (das 53) comarcas galegas presentan un risco alto de concentración de radón**. Son as provincias de Pontevedra e Ourense as máis expostas de toda España, con cifras do 21 % e 32 % respectivamente de vivendas que sobrepasan os 200 Bequerelios máximos recomendados.

Coñecendo polo tanto a singularidade xeolóxica de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, preocupados pola incidencia que na saúde dos galegos e galegas poida ter esta especial presenza de gas radón na nosa Comunidade Autónoma, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É o Goberno galego coñecedor da existencia destas concentracións elevadas de gas radón no territorio galego?
2. Considera que é unha situación sobre a que é necesario tomar medidas inmediatas?
3. Non considera un erro a eliminación da exixencia de forxados sanitarios ventilados en vivendas de nova construción que xa contemplaban as Normas do Hábitat Galego do ano 2007?
4. Ten pensado recuperar esta medida e introducila nas Normas de Habitabilidade de Galicia?
5. Contempla favorecer a redución das concentracións de gas radón en vivendas ou edificacións públicas xa construídas co fomento de axudas á rehabilitación que favorezan a incorporación de medidas correctoras da incidencia deste gas?

Pazo do Parlamento, 28 de febreiro de 2017

Asdo.: María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Julio Torrado Quintela
Raúl Fernández Fernández
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/03/2017 13:55
Nº Rexistro: 5874
Data envío: 01/03/2017 13:55:13.497



 **Grupo Parlamentario**

Asinado dixitalmente por:

Partido dos
Socialistas
de Galicia

María Luisa Pierres López na data 01/03/2017 13:52:25

Patricia Vilán Lorenzo na data 01/03/2017 13:52:30

Julio Torrado Quintela na data 01/03/2017 13:52:34

Raúl Fernández Fernández na data 01/03/2017 13:52:39

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 6895(10/POC-001193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Rodríguez Estévez, David e 2 máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa redacción dos proxectos para a mellora da seguridade viaria das estradas de titularidade autonómica OU-101 e OU-105, así como a data prevista para o inicio das obras

Publicación da iniciativa, 93, 30.03.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Ánxeles Cuña Bóveda e Antón Sánchez García, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do recollido no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as actuacións que a Xunta de Galicia debe acometer nas estradas OU-101 e OU-105.

As estradas OU-101 e OU-105 son estradas de titularidade autonómica que entran no núcleo urbano de Ourense e presentan moitos problemas de seguridade viaria.

A propia conselleira de Medio Ambiente e Infraestruturas, Ethel Vázquez, anunciou en marzo do ano 2016, que se ían a realizar actuacións “*integrais e globais*” para dar seguridade viaria as estradas mencionadas.

A seguridade viaria, ten que deixarnos a todas exentas de perigo, dano ou risco, e a Xunta de Galicia, ten a responsabilidade nestas estradas de previrmos dos accidentes de tráfico co obxectivo de protexer a vida das persoas.

A seguridade viaria ten que estar ben regulada por sinais de tránsito tanto horizontais como verticais, redución de velocidade, bo firme, e como non, adecuación das zonas peonís, para así poder evitar accidentes.

Actualmente estas estradas son de entrada á cidade, con moito tráfico rodado e cun gran risco de atropelos e accidentes.



Por todo o exposto anteriormente O Grupo Parlamentar de En Marea formula as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 2.ª:

1. Cando vai a Consellería de Medio Ambiente e Infraestruturas comezar a realizar as obras para reforzar a seguridade viaria nas estradas OU-101 e OU-105 titularidade da Xunta de Galicia?.
2. Van a ter os grupos da oposición do Concello de Ourense acceso os diferentes proxectos para poder ver como se van a executar os mesmos?
3. No caso de non estar estes realizados, vai a Xunta de Galicia ter en conta a participación cidadá de diferentes actores sociais na redacción do proxecto.

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2017.

Asdo.: Davide Rodríguez Estévez

Ánxeles Cuña Bóveda

Antón Sánchez García

Deputados do G.P. de En Marea

Asinado dixitalmente por:

David Rodríguez Estévez na data 22/03/2017 12:01:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/03/2017 12:01
Nº Rexistro: 6895
Data envío: 22/03/2017 12:01:53.161



María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 22/03/2017 12:01:18

Antón Sánchez García na data 22/03/2017 12:01:24

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.5 7098(10/POC-001230)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 7 máis

Sobre o balance que realiza a Xunta de Galicia respecto das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no parque empresarial de Bértoa, no concello de Carballo

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 13:06
Nº Rexistro: 7098
Data envío: 27/03/2017 13:06:17.782

Á Mesa do Parlamento.

Aurelio Nuñez Centeno, Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral en Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios.**

A Xunta de Galicia, a través da empresa pública XESTUR, ven de convocar un novo concurso de Solo Empresarial con bonificacións de entre o 30 % e o 50% do precio de venda cun total de 441 parcelas e máis de 1,4 millóns de metros de superficie. Un dos polígonos que gozan desta cualificación é o Polígono de Bértoa en Carballo.

Por outra banda, ademáis da compravenda das parcelas, a Xunta de Galicia, a través do IGVS e Xestur adxudican solo empresarial en dereito de superficie en donde as empresas adxudicatarias pagan un canon anual moi reducido.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral en Comisión:**

Que balance fai a Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e da adxudicación en dereito de superficie no Parque Empresarial de Bértoa en Carballo?

Santiago de Compostela, de 27 marzo de 2.017

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2017 13:06
Nº Rexistro: 7098
Data envío: 27/03/2017 13:06:17.782

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 27/03/2017 13:02:00

Jaime Castiñeira Broz na data 27/03/2017 13:02:19

Martín Fernández Prado na data 27/03/2017 13:02:26

Antonio Mouriño Villar na data 27/03/2017 13:02:38

Marta Novoa Iglesias na data 27/03/2017 13:02:49

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/03/2017 13:02:58

Gonzalo Trenor López na data 27/03/2017 13:03:11

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/03/2017 13:03:24

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.6 7174(10/POC-001249)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre as razóns da inclusión no proxecto de renovación da
avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, da corta das árbores
centenarias existentes nas marxes da rúa e a opinión do
Goberno galego respecto da súa conservación

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2017 17:47
Nº Rexistro: 7174
Data envío: 28/03/2017 17:47:43.203



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Patricia Vilán Lorenzo, Raúl Fernández Fernández, María Luisa Pierres López e Noela Blanco Rodríguez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Hai escasamente uns días, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda e o alcalde de Xinzo de Limia (Ourense) presentaban o proxecto de renovación da avenida de Celanova, obra que terá un investimento de 460.000 euros.

Nese proxecto de reforma, preverase tallar as árbores centenarias que hai nas marxes da rúa, posto que, segundo dixeron a conselleira e o alcalde, “restan visibilidade aos e ás condutoras”. O curioso é que noutros concellos limítrofes, semellantes a Xinzo de Limia, fan o indicible pola permanencia e supervivencia de cada árbore. Quizais sexa que a talla é a vía máis sinxela.

Nada di o proxecto de as árbores que serven de barreira contra o ruído, axudan a aforrar enerxía, refrescan coa súa sombra no verán e reducen o vento no inverno. Incluso a propia “Sociedade Galega de Historia Natural” ten manifestado que son árbores centenarias e que se deben conservar.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos polos que no proxecto de renovación da avenida de Celanova, en Xinzo de Limia, se prevé tallar as árbores centenarias que hai nas marxes da rúa?
2. É a talla das árbores a solución máis sinxela ou se estudaron outras solucións?
3. Considera o Goberno galego que se trata de árbores centenarias e que deben ser obxecto de conservación?

 **Grupo Parlamentario**

4. Ten coñecemento o Goberno galego de que noutros concellos limítrofes con Xinzo de Limia teñen mantido as árbores?

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Raúl Fernández Fernández
María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 28/03/2017 17:44:42

Raúl Fernández Fernández na data 28/03/2017 17:44:48

María Luisa Pierres López na data 28/03/2017 17:44:53

Noela Blanco Rodríguez na data 28/03/2017 17:44:57

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.7 7225(10/POC-001257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre as supostas irregularidades existentes no convenio
asinado no ano 2014 para a remodelación da praza de abastos
de Cambados

Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 7225
Data envío: 29/03/2017 18:13:10.902

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás irregularidades no convenio asinado para realizar a remodelación da praza de abastos do concello de Cambados.

O 30 de decembro de 2014 asínase un convenio para remodelar a praza de abastos do concello de Cambados entre tres administracións, todas elas gobernadas naquela altura polo Partido Popular: Consellaría de Industria, Ministerio de Fomento e Concello de Cambados para remodelar a praza de abastos.

Nese acto público, cos máxim@s representantes das tres administracións, móstrase unha maqueta e un proxecto de remodelación, co anuncio de que nos primeiros meses de 2015 íase iniciar a obra.

Tras o cambio de Goberno municipal en xuño de 2015, o novo equipo atópanse coa sorpresa de que para poder realizar esta obra, sería previamente necesario o remate e aprobación do novo Plan Especial de Portos para toda a zona portuaria de Cambados.

O borrador deste documento aínda foi entregado no concello de Cambados este mes de marzo de 2017. O borrador no que se refire ao proxecto de realización da nova praza de Abastos de Cambados, afirma que terá que sufrir importantes



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 7225
Data envío: 29/03/2017 18:13:10.902

modificacións para poder saír adiante. Entre elas estarían: eliminar unha das plantas do edificio xa que a ordenación so permite 2, corrección da altura máxima, a ordenanza so permite 8 m e o proxecto ten 11.89, obrigan a conservar a fachada principal da antiga praza co cal non se cumpriría o retranqueo de 8 metros que esixe a normativa, non permite o uso do bar e zona de degustación proposta...

Estes son cambios moi considerábeis que suporían que habería que variar máis que significativamente o proxecto presentado inicialmente en 2014. O concello debe enviar este borrador do Plan Especial á Consellería de Medio Ambiente para que esta elabore un documento de avaliación ambiental a este plan. Isto implicará un proceso administrativo que no mellor dos casos duraría 5 meses, mais que podería demorarse todo o que considera a Consellaría. Unha vez rematado este proceso o Concello de Cambados terá que aprobar o Plan Especial de Portos co respectivo proxecto de avaliación ambiental e, nese momento, cun proxecto da Praza que estivera adaptado a ese documento, o concello debería solicitar os permisos para que comece a obra.

Polo tanto, todo indica que vai ser case imposíbel iniciar esta obra antes de 2018, cando foi anunciada como inminente en 2014, por tres administracións, sen que esta demora sexa imputábel ao actual equipo de goberno do concello de Cambados.

Por estas razóns fórmulanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:

-Era coñecedora a Consellería de Industria, cando asinou este convenio a tres bandas, fixo a súa presentación pública e anunciou o inicio case inmediato das



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 7225
Data envío: 29/03/2017 18:13:10.902

obras, de que o proxecto non era posíbel realizado, xa que carecía dun sinfonía de trámites e autorizacións?

-Era coñecedora que o proxecto presentado de remodelación da Praza de Abastos por parte das administracións non era viable naquel momento?

-En que informes se baseou a Consellaría para asinar este convenio?

-Por que departamentos e responsábeis viñan asinados e en que data?

-Parécelle xustificábel que tres administracións, gobernadas naquela altura todas polo Partido Popular, poidan asinar un convenio para a súa execución inmediata, sabendo que non era posíbel, por moito que estiveran en plena precampaña electoral das eleccións municipais?

-O actual Goberno municipal do concello de Cambados afirma que está pendente moita tramitación administrativa, aprobación do Plan Especial de Portos e do Proxecto de Avaliación ambiental correspondente, para poder iniciar este proxecto. Desde a Consellería existe algunha proba obxectiva de que o actual Goberno municipal puxo trabas ou impedimentos para atrasar a tramitación deste proxecto?

-En caso afirmativo pode sinalar cales foron esas actuacións e en que data se teñen producido?

-Desde Portos de Galicia, ente especialmente relacionado coa posible aprobación deste proxecto, fixéronse manifestacións en prensa sobre a culpabilidade no atraso na tramitación do proxecto ao actual Goberno municipal de Cambados, cales son as razóns técnicas ou obxectivas que poidan probar esas manifestacións?



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 7225
Data envío: 29/03/2017 18:13:10.902

-A Consellería de Industria ten valorado a anulación deste convenio e, polo tanto, a retirada da achega económica comprometida, por motivo de atraso na execución das obras?

-En caso afirmativo, cales poderían ser as razóns argumentadas para tomar esa decisión?

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Asdo.: Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 29/03/2017 18:08:26

Noa Presas Bergantiños na data 29/03/2017 18:08:32



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/03/2017 18:13
Nº Rexistro: 7225
Data envío: 29/03/2017 18:13:10.902

Olalla Rodil Fernández na data 29/03/2017 18:08:45

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/03/2017 18:08:49

Xosé Luis Bará Torres na data 29/03/2017 18:08:53

Ana Pontón Mondelo na data 29/03/2017 18:08:56

**Reunión da Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 02.05.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.8 7445(10/POC-001296)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre as condicións laborais dos traballadores do transporte
por estrada de Sogama

Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017

Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sanchez García, deputado do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.^a**.

O pasado marzo de 2016 o contrato, para o transporte de SOGAMA, mudou de concesionaria, pasando de Transportes Pellejero á UTE Renfe Logirail y Copasa e á subcontrata Transportes Grupo Pacholo.

Esta operación supuxo a perda de dereitos e condicións laborais dos traballadores que fan o transporte por estrada.

Xa se advertiu previamente, polos traballadores e polas forzas políticas, que as condicións do contrato permitirían esa rebaixa nas condicións laborais.

A realidade que trasladan os traballadores da subcontrata, Transportes Pacholo, supera aínda esas previsións: importantes rebaixas salariais con respecto ao anterior período, peores condicións laborais, sen horarios fixos, con un deficiente trato persoal, que inclúe insultos e ameazas, ou con déficit de formación.

Isto deu lugar a unha folga dos traballadores reclamando melloras como: que o cadro de persoal sexa fixo, que se cotice por todos os conceptos da súa nómina, que se estableza un cuadrante de traballo para todo o persoal e que se respecten as condicións mínimas de saúde laboral.

En SOGAMA ten maioría de capital a Xunta de Galicia e non se debería de permitir, nunha empresa con maioría de capital público, que se produzan feitos deste tipo onde se denigren aos traballadores, onde se precaricen e, moito menos,



nunha empresa onde hai beneficios millonarios e que practicamente ostenta o monopolio da xestión dos residuos sólidos urbanos.

Non se beneficia así nin aos traballadores nin aos cidadáns, que non obteñen un mellor servizo, senón, única e exclusivamente, ás empresas que obtiveron a concesión que se lucran a cambio dunha maior explotación dos traballadores.

A representación sindical ten solicitado dende hai meses unha xuntanza co Presidente de SOGAMA, Javier Domínguez, que nin tan sequera contestou.

Por todo o exposto, o Grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1.ª) Ten constancia a Xunta de Galicia desta realidade?
- 2.ª) Ten pensado actuar para garantir o respecto dos dereitos dos traballadores?
- 3.ª) Ten previsto instar ao Presidente de SOGAMA a reunirse coa representación sindical para escoitar as súas demandas?

Santiago de Compostela, 31 de marzo de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Deputado do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 31/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 7445
Data envío: 31/03/2017 14:08:10.765



Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 31/03/2017 13:59:24